



Proba de

Código

CSPC001

**Lingua
galega**

Lingua galega



1. Formato da proba

Formato

- A proba constará de 20 cuestións tipo test.
- As cuestións tipo test teñen tres posibles respostas das que soamente unha é correcta.

Puntuación

- Puntuación: 0'5 puntos por cuestión tipo test correctamente contestada.
- Cada cuestión tipo test incorrecta restará 0'125 puntos.
- As respostas en branco non descontarán puntuación.

Duración

- Este exercicio terá unha duración máxima de: 60 minutos.



2. Exercicio

1. Cal é o fonema consonántico correctamente definido?

- A /κ/ velar oclusivo xordo.
- B /ϕ/ palatal lateral sonoro.
- C /μ/ alveolar nasal xordo.

2. Cal é a serie de palabras correcta?

- A Dúbida, volvoreta, boda, coviza, hibernar, bóveda.
- B Absorber, novelo, billa, benvido, rebentar, movable.
- C Governo, sebe, gaveta, parabéns, baía, trovador.

3. Cal é a serie que contén só palabras con vogal "o" tónica aberta /ɔ/:

- A Corvo, roda, soben, dogma, voces, lóxico, só.
- B Ouro, roda, dormen, dogma, voces, curioso, só.
- C Moito, roda, comen, dogma, voces, risoño, só.

4. O verbo callar significa:

- A Penetrar un líquido nun corpo permeable.
- B Gardar silencio.
- C Solidificarse un líquido.

5. Cal destas definicións é a correcta?

- A Nos ditongos homoxéneos encóntranse nunha sílaba dúas vogais pechadas.
- B Nos ditongos decrecentes a abertura vocálica vai de menos a máis.
- C Nos ditongos crecentes prodúcese o encontro de dúas vogais de sílabas distintas.

6. Cal é a serie de palabras parasintéticas?

- A Cartafol, tampouco, ollomol.
- B Paspallás, zigzag, tictac.
- C Reciclar, descampado, botafumeiro.



7. Cal destas series é correcta?

- A Os faxes, os baúles, os rubíes.
- B Os fieis, os baúis, os bulebules.
- C Os clubes, os hindúes, os rubís.

8. Cal destas series é correcta?

- A A xudía, a ferrolana, a feligresa.
- B A freira, a egua, a baronesa.
- C A xudea, a cidadana, a heroína.

9. Cal é a serie de palabras de xénero masculino?

- A Negrume, arte, calor, cárcere.
- B Pesadume, alma, riso, orixe.
- C Acedume, fel, sangue, labor.

10. Cal é a serie de palabras de xénero feminino?

- A Epígrafe, síndrome, auga, sebe.
- B Pantasma, costume, suor, sinal.
- C Ferruxe, diadema, leite, mel.

11. Cal é a serie de palabras correcta?

- A Décimo terzo, dobre, vinteún, cuarenta.
- B Décimo sétimo, triplo, cincocentos, trintaavo.
- C Décimo octavo, duplo, catro centos, cincuentaavo.

12. Cal é o tempo verbal correcto?

- A Andei, andaches, andou, andamos, andastes, andaron.
- B Quepa, quepas, quepa, quepamos, quepades, quepan.
- C Decía, decías, decía, decíamos, decíades, decían.

13. Cal é o tempo verbal correcto?

- A Valga, valgas, valga, valgamos, valgades, valgan.
- B Dicirei, dicirás, dicirá, diciremos, diciredes, dicirán.
- C Coubese, coubeses, coubese, coubésemos, coubésedes, coubesen.



14. Cal destas oracións contén un presente histórico?

- A** Hai un mes que non vou ao cine.
- B** Rosalía escribe a súa poesía no século XIX.
- C** O ano ten doce meses.

15. En cal destas oracións se pode conxugar o infinitivo?

- A** Este curso teñen que saírme ben os exames.
- B** O tren vai saír ás doce e cuarto.
- C** Chamáronme xusto despois de saír do teatro.

16. Cal destas oracións é impersonal?

- A** Manqueime.
- B** A casa vendeuse a bo prezo.
- C** Quedaron totalmente abraiados pola noticia.

17. Cal destas oracións compostas contén unha oración subordinada substantiva?

- A** Alarmouno que non o chamase.
- B** O rapaz co que falabas é fillo seu.
- C** Ana lembrouse cando a chamei.

18. Cal destas oracións contén un pronome de solidariedade?

- A** Téñote por unha persoa moi responsable.
- B** Vouche dar o regalo que comprei.
- C** Foivos tan rápido que gañou a carreira.

19. Cal é a serie de adverbios de modo?

- A** Acaso, disque, seica, talvez.
- B** Talmente, soamente, mesmamente, xustamente.
- C** Adrede, amodo, devagar, gratis.

20. Cal é a serie de conxuncións causais?

- A** Como, pois, porque.
- B** Mais, pero, senón.
- C** Conforme, consonte, segundo.